

Estimadas familias de alumnos de 4º da ESO:

En relación coa viaxe de fin de curso que os alumnos de 4º están interesados en facer para celebrar a súa graduación, queremos explicarlles en qué consiste esta actividade e como se vai organizar:

- ◆ A viaxe de fin de ESO é unha actividade EXTRAESCOLAR, por tanto voluntaria.
- ◆ Está aprobada para a última semana de curso polo CONSELLO ESCOLAR. Os alumnos de 4º, por tanto terán os seus exames uns días antes dos seus compañeiros. Non haberá ningunha proba académica mentres os rapaces estean de viaxe
- ◆ É unha actividade que organizan as ANPAS dos centros coa colaboración do equipo directivo e dos membros do claustro que se presten a acompañar aos alumnos. Como no noso centro levamos uns anos sin ANPA, o equipo directivo colaborou durante estes cursos cos pais interesados para poder levar a cabo a viaxe.

Este ano, no que como xa sabedes estase a constituir unha nova ANPA, o instituto continuará a súa colaboración para canto a asociación necesite.

Con obxecto de concretar o número de alumnos interesados na viaxe, informar ás familias das actividades realizadas noutros anos, e comezar a organizar as deste, faremos unha reunión o vindeiro **luns, día 27 de Outubro ás 20:00 horas** no IES.

Entre as actividades que se realizaron sempre, úrxenos concretar a da *Feira do mel*, actividade do Concello de Oleiros que terá lugar o vindeiro **Domingo 2 de Novembro**.

Nesta feira resérvannos tódolos anos un posto para que os alumnos de 4º vendan diferentes artigos: xoguetes, libros, e sobre todo postres feitos na casa. Este ano temos a reserva feita e esperamos que podades sacar proveito dela.

Un saúdo

O Equipo directivo